

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS "ROSALÍA DE CASTRO" -COGAVE- PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE CONCIENCIACIÓN EN IGUALDADE, PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: "XUNTOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO". POR UNHA SOCIEDADE LIBRE E UNIDA POLA IGUALDADE E POLA ERRADICACIÓN DESTA LACRA SOCIAL, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

A Consellería de Política Social e Igualdade formalizou con data 23 de maio de 2024 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

O convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro- COGAVE- para o financiamento dun programa de concienciación en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" (COGAVE) ten como obxectivo fundamental defender os intereses dos veciños e veciñas de toda Galicia e loitar pola mellora dos servizos que redunden na mellora da calidade de vida das persoas, con especial atención ás máis desfavorecidas e aos colectivos moitas veces esquecidos ou relegados, así como tamén á muller, á infancia, á terceira idade e ás minorías étnicas. Está formada por 7 federacións veciñais das catro provincias galegas e un total de 500 asociacións aproximadamente.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio coa Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" (COGAVE) para o financiamento dun programa que



constará das seguintes actuacións: xornadas divulgativas, abertas ao público de calquera idade e sexo, ditas xornadas terán o formato de charla-coloquio, coa participación de profesionais acreditados/as de diferentes perfís, para abordar a loita contra a lacra social que é a violencia de xénero desde un enfoque multidisciplinar: psicolóxico, pedagóxico, sanitario, educativo, xurídico, das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, ditas xornadas realizaranse por toda a xeografía galega tanto en contornas rurais como urbanos, a través do tecido asociativo veciñal representado pola Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" – CoGaVe. A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario xa que é a única Confederación Galega de Asociacións Veciñais que existe en Galicia, que é unha entidade de grande representatividade social e de proximidade á sociedade, que traballa na análise da situación das circunstancias específicas das mulleres, amosándose, polo tanto, coa capacidade suficiente para achegarse a elas e traballar na sensibilización e prevención da violencia de xénero.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, é poder ofertar as mulleres de toda Galicia, a través da única Confederación Galega de asociacións veciñais, unha serie de actuacións que as axuden a previr a violencia contra as mulleres e nenas, así como a ser capaces de identificar e denunciar inxustizas ou abusos e, ao mesmo tempo, dar énfase ás dificultades e retos que asumen moitas mulleres, tanto no seo da esfera privada coma na esfera pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

